



Recomendacións xerais



Dirección Xeral de Saúde Pública

Versión 2 (16 de xuño de 2024)



1. Introducción

O mosquito tigre (*Aedes albopictus*) é orixinario do sueste asiático e detectouse por primeira vez en Galicia no 2023, en Moaña, a través da aplicación Mosquito Alert de participación cidadá, na que colabora a Consellería de Sanidade co Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). A aparición desta especie en Europa debeuse ao comercio de pneumáticos usados e especies vexetais.

Os ovos e as larvas viven en pequenas balsas de auga estancada, en áreas exteriores próximas á presenza humana. Por iso, a medida máis eficaz para evitar a súa proliferación é eliminar os lugares con auga onde crecen.

A presenza do mosquito é moi molesta polo número tan elevado de picaduras que causan os exemplares femia. Este mosquito ten a capacidade de actuar como vector (transmisor) dalgunhas enfermidades, como as producidas por virus Chikungunya, Dengue e Zika.

O risco para a Saúde Pública de enfermidades transmitidas por vectores autóctonos en España, no contexto actual, considérase baixo para Dengue e moi baixo para Chikungunya e Zika, porque para que a transmisión ocorra teñen que coincidir o axente infeccioso, o vector competente e un hóspede susceptible humano ou animal, todo isto baixo unhas condicións ambientais adecuadas.

No caso de Galicia, non se detectaron polo de agora casos autóctonos destas enfermidades. Os casos presentes na comunidade son importados (xente que viaxou a zonas de risco), polo que se incide en que se debe de ser precavidos fronte a estas enfermidades e informarse ben sobre as medidas para tomar ao volver de viaxar a zonas de risco, nos puntos de atención ao viaxeiro.

2. Obxectivo

O obxectivo deste documento é establecer unhas recomendacións xerais para a prevención e o control do mosquito tigre.

3. O mosquito tigre

O mosquito adulto mide entre 2 mm e 10 mm e recoñécese polas raias brancas na cabeza, o corpo e as patas.



Ciclo de vida

- O mosquito pasa por catro etapas vitais: ovo, larva, ninfa e adulto. En cada unha ten un aspecto diferente e deben darse as condicións ambientais idóneas para pechar o seu ciclo.
- Os adultos divídense en machos e femias que se alimentan de azucres de plantas. Son as femias as que pican tanto a humanos como animais para alimentarse de sangue que necesitan para a maduración dos ovos.
- O mosquito pon ovos e desenvólvese en espazos pequenos (occos naturais ou ben adaptados para a colocación dos ovos) con auga estancada. As femias depositan os ovos fóra da auga, xusto por riba do nivel de flotación, polo que cando sobe o nivel quedan mergullados.
- A densidade da poboación de mosquitos depende da temperatura, presenza de auga e dispoñibilidade de alimento. Ao subir a temperatura e coas choivas da primavera, as primeiras larvas saen do ovo e viven na superficie da auga. O final do verán e o outono son os períodos máis favorables para o desenvolvemento do mosquito adulto. Cando chega o inverno e descende a temperatura, as larvas e os adultos morren.

Onde se atopa

- É unha especie principalmente urbana e activa, sobre todo durante o día, que se esconde en zonas sombrías.
- O mosquito tigre pon ovos no interior de calquera lugar de pequenas dimensións que conteña auga durante un mínimo de dez días: pneumáticos, vasos, latas de bebida, cinceiros, xoguets, bidóns, cubos, botes, pratos de maceta etc.
- O radio de voo e de acción do mosquito tigre adulto é dun máximo de 500 metros, polo que é moi probable atopalo preto do sitio de cría. Con todo, grazas ao interior dos vehículos ou ao transporte pasivo polo vento, pódese desprazar a maior distancia.
- Os puntos de cría atópanse a miúdo en terreos ou casas abandonadas, deshabitadas temporalmente ou segundas residencias, onde adoita haber recipientes descoidados que conteñen auga de choiva.
- Tamén se poden localizar lugares de cría na vía pública, como sumidoiros, fontes, residuos, almacéns municipais etc.

Onde non se atopa

- O mosquito tigre nunca deposita os ovos en augas en movemento, como ríos e rías, nin en superficies e volumes de auga importantes (máis de 200 litros), como os estanques. Tampouco se pode desenvolver onde a auga se evapora aos poucos días.

4. Importancia en saúde pública

As picadas

As súas picadas son moi molestas e ás veces producen reaccións alérxicas de certa gravidade e dor debido á saliva do mosquito. Pode causar prurito, ronchas e molestias ao redor da zona afectada.

Pode picar repetidamente e preferentemente polo día e en ambientes exteriores. Adoita actuar preto do chan polo que as pernas adoitan ser as zonas máis afectadas.

Enfermidades que transmiten

O control deste mosquito é primordial, xa que poden transmitir os virus causantes do dengue, chikungunya ou zika.

A probabilidade de transmisión destes patóxenos é moi baixa xa que teñen que coincidir o axente infeccioso, o vector competente e un hóspede susceptible humano ou animal, todo isto baixo unhas condicións ambientais adecuadas.

Que facer coas picaduras

En xeral débese actuar como no resto de picaduras de mosquitos. Neste sentido, é necesario lavar e desinfectar ben a zona da picadura e tratar os seus síntomas.

- Lave a zona afectada con auga e xabón canto antes.
- Non se fregue a pel: remollala en lugar de fregala, e secala.
- Trate de manter a zona limpa e seca ata que diminúa a irritación.
- Evite rascarse.
- Aplique unha compresa de xeo ou xeo envolto nun pano na área da picada.
- Non faga torniquetes.

En caso de complicacións graves busque atención médica.

5. Prevención e control do mosquito tigre

Prevención das picaduras

- Utilizar repelentes e aparellos eléctricos contra insectos e insecticidas para interiores (difusores eléctricos e nebulizadores).
- Instalar teas mosquiteiras finas en portas e fiestras das vivendas. Crear correntes de aire, que afasten os mosquitos (aire acondicionado ou ventiladores).
- Este mosquito adoita picar no exterior das vivendas. Usar roupa que cubra a pel, en particular as pernas aínda que poden picar a través de roupa fina como calcetíns ou camisetas. Utilizar roupa preferiblemente de cor clara e tecidos naturais. Usar calcetíns e zapato pechado.
- Manter unha boa hixiene persoal, xa que a suor e os olores fortes atraen os mosquitos.
- Seguir estas medidas durante o día, especialmente ao amencer e ao anoitecer.

Se utiliza repelentes

- Utilizar repelentes autorizados¹. Cumprir estritamente coas instrucións de uso que haxa na etiqueta do produto, especialmente en canto ao número de aplicacións diarias permitidas.
- Empregar só no exterior e durante o tempo necesario.
- Evitar a súa aplicación en nenos menores de dous anos e teña precaución tamén nos nenos maiores. Non poña o repelente nas mans dos nenos por se as levan á boca ou aos ollos.
- Non se aconsella aplicar sobre a roupa ou directamente na cara (usar as mans), solo sobre pel exposta. Tampouco sobre mucosas, ollos, labios nin pel sensible, queimada ou con feridas.
- Cando xa non sexa necesario o repelente, limpar ben a pel con auga e xabón, así como a roupa que estivese en contacto co produto, para evitar a exposición continua.
- Lavar tamén a zona se sofre algún tipo de reacción na pel e, se o cre necesario, busque atención médica.

¹ Lista dos repelentes autorizados: https://www.sergas.gal/Saude-publica/LISTADO_REPELENTE

Medidas de prevención e control ambiental

A forma máis efectiva de frear a proliferación do mosquito é evitar a posta de ovos e o crecemento das larvas. Isto só se logra eliminando os lugares de auga onde crecen, habitualmente acumulacións en recipientes que se deixan á intemperie.

A competencia da xestión do *Aedes albopictus*, ao tratarse dun vector de enfermidades con impacto en saúde pública, debe de ser compartida entre o nivel autonómico e local. Non obstante, a cidadanía debe coñecer as principais medidas de prevención para evitar que o mosquito se poida reproducir, dispersar e instalar, nas súas vivendas.

O [Programa de xestión integrada do vector *Aedes albopictus*](#) combina diferentes estratexias para eliminar ou reducir a abundancia do vector, para atrasar ao máximo a dispersión do vector a zonas libres da súa presenza e para reducir o risco de transmisión de enfermidades transmitidas por *Aedes*.

A continuación descríbense unha serie de medidas preventivas xerais, aplicables tanto no ámbito público como no privado, e outras específicas para determinados espazos públicos ou actividades que, polas súas características, poden favorecer a presenza do mosquito e requiren, por tanto, un plan de acción e de seguimento concretos.

A) Medidas preventivas xerais:

- Obxectos e contedores que poden acumular auga (pneumáticos, cubos, vasos, cinceiros, xoguete, bebedoiros de animais, pratos baixo as macetas etc.):
 - Baleirar cada 3 ou 4 días e poñer a cuberto se é posible (cubrir obxectos ao aire libre que poidan acumular auga).
 - Evitar a súa inundación, por exemplo, inverténdoos ou tapándoos.
 - Se non se poden retirar, revisaranse atentamente polo menos dúas veces por semana e eliminarase calquera depósito de auga, limpando os recipientes e evitando que se volvan a encher. Protexelos mediante unha tea de mosquiteira delgada (malla de 2 mm de tamaño máximo).
 - En recipientes destapados (bebedoiros para animais) renovar a auga polo menos dúas veces por semana.
- Canlóns de recolección de augas dos tellados e os sumidoiros dos patios: Manter limpos de restos vexetais, botar auga para limpalos sobre dúas veces á semana, vixiar o sistema de rega.



- Buracos e depresións do chan, buracos das árbores: evitar a acumulación de auga (secándoos ou colocando algún material inerte, como area, que evite a entrada de auga).
- Balsas ou piscinas: actuar de maneira que a auga que conteñan non se converta nun foco de cría de mosquitos. Cando estean baleiras, mantelas completamente secas. No caso de piscinas cheas de auga, estas débense manter tapadas ou en condicións hixiénico-sanitarias mediante os tratamentos adecuados para evitar a proliferación de larvas de mosquitos, e controlar os *skimmers*.

B) Medidas preventivas específicas en determinados espazos públicos:

- Cemiterios: evitar que os floreiros e outros obxectos ornamentais acumulen auga de libre acceso aos mosquitos. Furar os recipientes para a drenaxe; empregar materiais como esponxas, fibras absorbentes ou xeles hidropónicos, ou introducir area ou outros materiais absorbentes.
- Escolas, parques e outros equipamentos: evitar a auga estancada nos elementos de xogo e ornamentais, especialmente en épocas de vacacións, onde pode permanecer máis tempo. Poñer a cuberto estes elementos se é posible. No caso de existir pneumáticos destinados aos xogos, deben perforarse para evitar a acumulación de auga, ou colocarse semienterrados en posición vertical.
- Hortos, solares e leiras abandonadas: manter estes espazos libres de posibles focos de cría de mosquitos, con especial atención ao lixo, ás ferramentas de traballo e aos elementos de mobiliario abandonados (bañeiras, bidóns, cubos etc.). No caso de que haxa depósitos de auga, deben manterse tapados ou cubertos con mosquiteiro.
- Determinadas actividades comerciais e industrias (centros de xardinería, circuítos de karts e minimotos, clubs náuticos, almacéns de hibernación de barcas, instalacións agrícolas e gandeiras etc.): manter vixilancia periódica dos puntos de risco para evitar a proliferación de mosquitos. As entidades/empresas responsables deben incorporar este risco nos seus plans de hixiene e xestión de pragas.
- Centros que almacenan e manipulan pneumáticos fóra de uso (NFU) e centros de reciclaxe: os pneumáticos son un elemento de risco e o seu transporte a outras zonas poden levar á dispersión do mosquito. Débese garantir unha boa rotación dos pneumáticos e dar prioridade á destrución rápida dos NFU. O

almacenamento dos pneumáticos usados débese realizar en columnas verticais e cubrirse con lonas que non permitan cúmulos de auga. As zonas lindoiras ao almacenamento deben manterse libres de vexetación e de obxectos que poidan acumular auga.

- Circuitos de rega e sumidoiros: evitar a formación de charcas en determinados espazos, así como reforzar a limpeza dos sumidoiros de maneira que estes non poidan converterse en focos de proliferación de mosquitos pola acumulación de materia orgánica e auga.
- Masas de auga en parques e xardíns: as tarefas de mantemento de lagos, estanques ou masas de auga de parques e xardíns deben ter en conta non deixar as instalacións sen ningún tipo de recirculación de auga ou cuns niveis que permitan o establecemento de mosquitos. Pode estudarse o emprego de peces depredadores autóctonos, que dificultan o desenvolvemento das poboacións larvarias de mosquitos.

6. Como notificar un mosquito ou unha picada de mosquitos

A Consellería de Sanidade lidera a Rede Galega de Vixilancia de Vectores a través da firma de varios convenios de colaboración coa Consellería de Medio Rural, Universidade de Vigo e Universidade de Santiago de Compostela e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

Pódense enviar fotos de mosquitos e as súas picadas a través de MOSQUITO ALERT, plataforma de ciencia cidadá na que colabora a Consellería de Sanidade co Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), para a identificación de mosquitos por parte de expertos entomólogos (app: www.mosquitoalert.com).

7. Mais información

- Enfermidades transmitidas polos vectores: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Enfermidades-transmitidas-por-vectores>
- Plan nacional de prevención, vixilancia e control de enfermidades transmitidas polos vectores: https://www.sanidad.gob.es/areas/alertasEmergenciasSanitarias/preparacionRespuesta/Plan_Vectores.htm
- Recomendacións xerais mosquito tigre: <https://www.sergas.gal/Saude-publica/Mosquito-tigre>
- Consellos aos viaxeiros: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Consellos-aos-viaxeiros>